



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea 40175(**10/PNC-003243**) sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa revisión da Lei de Demarcación e de Planta Xudicial co fin de ampliar o número de xulgados exclusivos en materia de violencia sobre a muller, o incremento de especialización na materia no resto dos xulgados e o impulso da especialización por agrupación de varios partidos xudiciais lindeiros.

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado co fin de:

- 1.-Que solicite ao Goberno do Estado que se incremente o número de xulgados necesarios en materia de violencia de xénero de xeito consensuado na Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza
- 2.-Incrementar a formación específica e periódica nos xulgados con competencia sobre a materia.
- 3.-Promover a especialización por agrupación de varios partidos xudiciais lindeiros onde non se dificulte o acceso por razón de distancia á xurisdición de xeito consensuado coa Comisión Mixta que existe co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia".

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2019





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 18:10:00
Nº Rexistro: 46520
Data envío: 19/02/2019 18:10:00.615

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/02/2019 17:22:20

Paula Prado Del Río na data 19/02/2019 17:22:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-huY8mQQ96-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Á Mesa da Comisión 1.^a,
Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa revisión da Lei de Demarcación e de Planta Xudicial co fin de ampliar o número de xulgados exclusivos en materia de violencia sobre a muller, o incremento de especialización na materia no resto dos xulgados e o impulso da especialización por agrupación de varios partidos xudiciais lindeiros (10/PNC-003243, documento número 40175)

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que demande do Goberno do Estado:

- a) Acadar a revisión da Lei de planta e demarcación xudicial coa finalidade de ampliar o número de xulgados exclusivos de violencia contra a muller, co obxectivo de que haxa un xulgado especializado con competencia exclusiva nas principais cidades de Galicia.
- b) Incrementar a especialización no resto de xulgados, reforzando a formación do funcionariado estatal nos xulgados con competencia sobre a materia e aumentando a porcentaxe de dedicación a estes asuntos onde a competencia non sexa exclusiva.
- c) Promover a comarcalización dos servizos especializados na loita contra a violencia machista, tales como o Imelga (especialmente as unidades de valoración forense), as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial, de xeito consensuado coa Comisión Mixta que existe co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



2. Que, exercendo as súas competencias propias:

- a) De maneira inmediata, leve a cabo as reformas necesarias nas dependencias de todos os edificios xudiciais de Galicia, habilitando espazos independentes para evitar o cruce entre vítimas e agresores.
- b) Tamén de maneira inmediata, dote de persoal necesario a estes xulgados.
- c) Incremente a formación específica e periódica en violencia de xénero a todos os sectores da Xustiza en Galicia.
- d) Poña en marcha o acompañamento xudicial personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguros no seu percorrido xudicial.”

Pazo do Parlamento, 19 de febreiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/02/2019 17:53:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/02/2019 17:53:43

